

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

Francisco Rodríguez

Murguía e o medievo galego

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Murguía e o medievo galego

PALABRAS CHAVE

Galiza, nacionalismo, progresismo, medievo, historia, recepción, deseño, nación, nacionalidade

KEYWORDS

Galicia, nationalism, progressivism, medieval, history, reception, design, nation, nationality.

RESUMO

Analízase a visión histórica de Murguía, en concreto como medievalista, tendo presente a súa confesionalidade progresista e súa orientación nacionalista galega, nun contexto socio-político e cultural como o da segunda metade do século XIX no Estado español, subliñando así o carácter e a intención da súa obra histórica en defensa da condición de Galiza como nación. Asemade explícase a propia evolución da visión histórica medieval murguiana, sen perder a coherencia nacionalista, a partir da restauración borbónica, aproveitando para sinalar tanto os seus avances de coñecemento e interpretación do medievo galego, como as súas limitacións, así como a recepción da súa obra historiográfica polas institucións académicas oficiais.

ABSTRACT

The historical vision of Murguía is analysed, specifically as a medievalist, bearing in mind his progressive confessionality and his Galician nationalist orientation, in a socio-political and cultural context such as that of the second half of the nineteenth century in the Spanish state, thus highlighting the character and intention of his historical work in defence of the condition of Galicia as a nation. In addition, the evolution of Murguía's medieval historical vision is explained, without losing its nationalist coherence, from the Bourbon Restoration, taking the opportunity to point out both his advances of knowledge and interpretation of the Galician Middle Ages, as well as his limitations, and the reception of his historiographical work by the official academic institutions.

Motivación

Teño sempre a sensación de a obra dos nosos historiadores fundacionais do século XIX non ter sido debidamente atendida, analizada, interpretada e valorada, en concreto a de Manuel Murguía. Habería que ter máis presente, para facelo co debido esmero e comprensión, que, na segunda metade do século XIX, agroma con forza a necesidade de coñecer a historia do país, en especial a medieval, procurando o contraste, a iluminación do camiño que nos levou, como pobo, á situación coetánea. Temos claro que a conciencia sobre o que estaba a acontecer verbo da función de Galiza no Estado español centralista en construción, pesa moito na ansia de contar-mos cunha visión do pasado que demostrase de onde viñamos, que non sempre o noso status e a situación fora como no presente. Deste xeito, a historia adquire unha intención pedagóxica, rexeneradora, ás veces elexíaca, evocadora, pero tamén de emulación ou espello onde mirarse. É, pois, esforzo por coñecer un pasado que, para alén de non deber permanecer oculto, agochado, representa unha traxectoria específica, particular, como pobo, que, salvando a distancia do tempo e tendo presente as circunstancias históricas vixentes, podía axudar a tomar conciencia colectiva dos nosos dereitos e das nosas capacidades. As valoracións e interpretación das distintas etapas históricas polas que pasou o país revelan, en boa maneira, as angustias, preocupacións e prioridades do respectivo historiador sobre o seu presente histórico.

En definitiva, cremos que non se ten analizado, de forma correcta, tendo presente as revolucións do século XIX^[1], a mudanza na forma de pensar dos propios historiadores galegos ao longo do seu periplo intelectual, embora mantérense dentro dunha coherencia básica e sen contradicións cualitativas de calado. Queremos subliñar que o coñecemento do contexto socio-político e como se reaxe perante el pode mostrar unha evolución ideolóxico-filosófica da obra histórica, na súa visión analítica, e, por suposto, maiores coñecementos. Esta falta de percepción do evolutivo e mudábel na interpretación incide nunha clasificación estereotipada da historiografía galega e na súa valoración allea a toda dialéctica interna, marcada pola propia historia e a acumulación de novo coñecemento e información. Afirmar que Murguía e Vicetto son historiadores nacionalistas non é impertinente nen pode considerarse falso. Porén, pode ser unha cómoda “muletilla” para aporlles valoracións sobre o pasado ou interpretacións que non se sustentan na súa obra ou que derivan, curiosamente, doutras fontes ideolóxicas non nacionalistas. Mesmo pode acontecer que algunhas análises e apreciacións colidan cunha visión nacionalista da historia de Galiza, moi en especial do seu medioevo, a teor das fontes que hoxe temos ao noso alcance e naturalmente das análises e conclusións que esa información fornece ou lexítima.

Consideración á parte merece o feito ben ilustrativo e sintomático de os tres grandes historiadores galegos do século XIX, Murguía, Vicetto e López Ferreiro, con preparación diferente cada un, non seren en ningún dos casos historiadores profesionais, de formación académica *ad hoc*, embora o último posuír estudos eclesiásticos superiores. Desde logo, a asunción do seu labor sería imposible sen estaren dotados dunha sólida formación cultural, como escritores, e dunha específica formación autodidacta progresiva. Sentiron, ademais, a urxencia de cubrir un baleiro que os preocupaba, como galegos conscientes de selo: que Galiza contase cunha historia de seu, como todos os pobos ou nacións que se prezaban de selo. Para alén diso, estaban esporeados polo feito de a historiografía española da época, após a desaparición dos vellos reinos do Antigo Réxime, pretender asentar no fundamento da historia de Castela, a historia de España, como nación hexemónica e construtora da unidade nacional. Neste contexto, a nova estrutura administrativa e política, o mercado e a moeda única, a educación e a prensa escrita, o servizo militar, impulsaban a idea de España constituír unha única nación, simbolizada pola única lingua oficial, o castelán, e por unha cultura formal expresada nesta lingua. A narración do pasado histórico cobrou así unha importancia fundamental, como forma de valorar o presente e ana-

[1] Referímonos ás sociais e ás que, sen seren alleas a este contido, tiñan un obxectivo claramente nacional, a procura dun estado propio por nacións dominadas. Barreiro (2012: 235-236) ten sinalado o coñecemento e a identificación de Murguía cos movementos independentistas como o húngaro ou o polaco, entre outros, expresándose libremente, sobre todo en *La crónica (New York)*, ao longo de 1861, cun pensamento nacionalista sen a mínima ambigüidade ou cautela taticista. Nas cuestións referidas á política no Estado español non podía actuar con tanta soltura e sinceridade.

lizar todo o proceso evolutivo que conducira a esta nova realidade política. Atinxía, dunha maneira crítica, á visión do pasado dos vellos reinos e como chegaran a unirse. Esta visión retrospectiva non podía estar allea, indemne, ás valoracións do papel real ou atribuído a cada un deles até chegar ao presente e de como estaban considerados por propios e estraños. A perspectiva centralista, castelanista e/ou españolista foi a hexemónica e a que alimentaron as institucións académicas oficiais, especialmente a Real Academia de la Historia, a Universidade e os medios de comunicación escritos.

A consecuente manifestación da necesidade de contar cunha historia propia como expresión da conciencia da especificidade nacional do pobo galego foi, pois, aguillada tamén pola marxinação, deformación ou ausencia de que era obxecto o seu pasado na elaboración académica española. Tratouse dun esforzo titánico, ao non contar con ningunha institución, dotada de poder que, de forma sustentada e estábel, os apoiase e protexese. Tampouco gozou a súa obra da introdución e divulgación regrada nas canles oficiais do sistema educativo, o exército, a Igrexa ou os medios de comunicación. Non foron historia canónica, pois tampouco chegou a ser historia que contase co aval político dun poder estatal constituído. Nestas circunstancias non foi menor o esforzo para achar editor que asumise a publicación de obra que, a duras penas, podía obter algún respaldo oficial^[2]. Naturalmente, sería moito pedir que, para alén de asumiren o reto de revelar unha historia agochada, marxinal ou interdita, prescindíbel para o estado en construción, o fixesen con absoluta independencia de criterio verbo dos deseños, das análises establecidos pola historiografía oficial española e as súas valoracións, rachando sempre con eles ou confrontándoos. Fixérono, da forma limitada e posíbel, a teor dos coñecementos e a información con que contaban e da súa capacidade analítica. Constituía un atrevemento de grande calado confrontarse, ideolóxica e politicamente, coa visión histórica dominante, os seus mitos, anulacións, apropiacións indebidas, como consecuencia do obxectivo de construír unha identidade española. Asumiron esta confrontación até onde foron quen de facelo, limitados pola información a que puideron acceder e tamén por medios e temores inducidos ou polas súas propias conviccións ideolóxicas. Porén, configuraron os alicerces dun deseño histórico galego e construíron un discurso narrativo sobre o noso pasado que demostra a nosa especificidade histórica^[3].

[2] O respaldo económico reticente, demorado, renuente, de tres deputacións galegas aos tomos I e II da *Historia de Galicia*, de Murguía, non expresou ningunha entrega vibrante a unha causa galega. Significou, mais ben, unha concesión ás súas amizades con influencia política. En todo caso, é revelador que, aínda xa instaurada a República en 1873, Murguía vise desestimados os seus recursos ao Ministerio de Gobernación para a deputación provincial de Lugo aboar a subvención de 1000 pesetas anuais para a publicación da *Historia de Galicia (La Iberia, 10-10-1873)* e contra a de Pontevedra por un acordo da súa comisión provincial que o obrigaba ao reintegro de 1500 pesetas con que fora subvencionado pola publicación desa *Historia (El Imparcial, 25-01-1874)*.

[3] Por certo, é en exceso absoluta a tese de Barreiro de que Murguía fundamentaba na idea de raza,

Os seus deseños interpretativos non se liberaron totalmente da sombra da historia de España oficial, mesmo cando era ineludible facelo, especialmente na Idade Media, É neste etapa cando a ocultación e a apropiación indebida nos afecta máis e con consecuencias máis perniciosas. Ora ben, representaron un salto de xigante e un esforzo ciclópeo para dotarnos de memoria sobre o pasado de Galiza, o que fomos, como chegamos aquí. Eles son punto de partida. Desde eles foi posíbel dar novos saltos. Por desgraza, e sintomaticamente, déronse en períodos de tempo moi afastados. Aínda hoxe estamos nese empeño, o de construír con solidez un deseño básico do noso pasado, especialmente o medieval. Conforme ás esixencias do actual momento histórico, no que seguimos sendo unha nación sen estado e con función marxinal dentro do español, estamos a vivir un novo período de avance, construíndo un deseño interpretativo máis axustado á verdade, en concreto do noso medieval. Desde os avances producidos desde entón, en especial nos últimos cincuenta anos, imos facer a análise da obra histórica de Murguía no que se refire á Idade Media na Galiza, moi en especial a que elabora desde 1860 até 1875^[4]. Por tanto, esta perspectiva analítica debe terse presente ao ler as páxinas que seguen. Resultaría impropio e manipulador non telo presente ou subliñalo, embora sexa o inevitábel. Endebén, non partillamos nunca a displicencia, desprezo ou descualificación con que se trata moitas veces a obra histórica de Murguía, ou aínda máis a de Vicetto^[5], apóndo-

como columna vertebral, a historia de Galiza (Barreiro, 2012: 290-294, especialmente esta última). Deixando á parte o debate sobre que significaba o concepto de raza, na tradición que Herder representa, a máis próxima ou dominante no pensamento murguiano, na etapa histórica medieval Murguía procura a definición, delimitación e especificidade cultural, artística, social, política e lingüística, da nación galega. Para nada introduce respecto desta fase histórica a raza céltigo-galega como fonte de enerxía. É historia do pobo galego e da comunidade como suxeito político.

- [4] Facémolo por limitarnos a una fase socio-política en que a obra histórica de Murguía se mantén dentro dunha certa perspectiva, sen mudanzas significativas. Corresponde a un período de incubación revolucionaria que dará á luz a revolución de 1868 e o sexenio revolucionario, una etapa murguiana de esperanzas e activismo con claras vinculacións ao progresismo español e aos seus medios de expresión escrita, en paralelo co intento de executar o seu programa cultural galego.
- [5] Paréceme profundamente inxusto e inxustificado denigrar a historia de Vicetto, como fai, de forma tan drástica, absoluta e infundada, un historiador como Xosé Ramón Barreiro na súa biografía de *Murguía* (2012): «Nin os intentos de Otero Pedrayo por lexitimala puideron salvar a obra de Vicetto, á que acoden sen escrúpulos algúns como se acode aos evanxeos apócrifos aos que se fan preguntas non contidas nos sinópticos» (*ibidem*: 293). Non son a inconsistencia documental nen a substitución da racionalidade histórica pola imaxinación, como pretenden este e outros historiadores, o que pode deslexitimar a *Historia de Galicia* de Vicetto, a partir do dominio romano sobre a *Gallaecia*. Desde logo, sería necesaria menos soberbia á hora de emitir algúns xuízos, sobre todo cando non se prestou a atención merecida por parte de quen os emite (cfr. Barreiro, 1993: 183-209) a unha obra, con defectos e carencias, porén tamén con moitos acertos e datos fundados, en particular sobre o período medieval.

lles eivas, defectos e vicios que non teñen, mentres parecen ignorarse as limitacións decorrentes da ancoraxe en ideoloxías políticas, aínda hoxe presentes e actuantes na concepción do mundo e da historia, que distan de ter a ver co nacionalismo propiamente dito. Naturalmente, hoxe como onte, os adiantos no deseño interpretativo e no coñecemento da historia medieval de Galiza prodúcense máis fóra dos ámbitos académicos oficiais que nestes. Tampouco desapareceu o feito de seren historiadores, fóra deses ámbitos, os que máis se esforzan en contribuír a eses avances. E, por suposto, a marxinación do coñecemento histórico sobre Galiza segue marcando a vida social do país e a formación dos seus estudantes, incluídos os universitarios, mesmo se se dedicaren á temática histórica. Hai si unha certa eclosión da difusión da historia de Galiza, en particular o medieval, na rede dixital e un maior coñecemento e interese pola cuestión en ámbitos sociais máis amplos que antes.

Coordenadas ideolóxico-políticas e filosóficas

Cando á altura de 1864^[6], Murguía anda de cheo metido na tarefa de construír a historia de Galiza e da procura de apoios para levala adiante, incluída a súa edición, xa case rematado o primeiro tomo, asúmeo desde unha posición consciente dos retos ao que se enfronta. Uns teñen a ver con causas intrínsecas á propia situación da historiografía galega –a ausencia dunha tradición estábel e de rigor intelectual sostido, para alén da carencia dun Arquivo Histórico Nacional, da desaparición de monumentos *raros e preciosos* e da incuria documental, derivada da falta de institucións preocupadas pola súa garda e conservación. Outros teñen a ver co estado e a conciencia social do país, afastado do «movimiento intelectual que anima la sociedad moderna» (Murguía, 1865, T. I, Prólogo: VII). A nosa é unha situación máis precaria e deficiente en materia de historiografía que a da, xa de por si, atrasada de España. Pode buscarse algunha desculpa nas «discordias intestinas que han desangrado du-

[6] No verán de 1864, celebrándose o Congreso Agrícola en Santiago, as amizades de Murguía presentaron para a súa aprobación unha petición, dirixida ás deputacións galegas, para lle prestaren apoio coa fin de levar adiante a *Historia de Galicia*. Foi a partir de aquí que contactou con Soto Freire, como posíbel editor, dando por feito ese apoio. Publicárase por entregas, a maior parte das do T. I en 1866 e as do tomo II en 1867, embora as datas na portadiña sexan 1865 e 1866, respectivamente (Barreiro, 2012: 284). *La Discusión* (25-08-1864) informa da solicitude do Congreso Agrícola de Galicia ás deputacións de 4.000 reais anuais para axudar aos gastos de redacción da *Historia* durante catro anos, designando Murguía para facelo. Durante este mesmo ano, temos noticia de que «la Dirección General de Instrucción Pública ha acordado suscribirse por 100 ejemplares al *Diccionario de Escritores Gallegos* que está publicando el conocido literato D. Manuel Murguía» (*La Nación*, 3-07-1864). *La Iberia* (3-07-1864) e *La Correspondencia de España* (3-07-1864) refírense ao informe favorábel, emitido pola Real Academia da Historia, como aval, a petición de Murguía, para a Dirección General de Instrucción Pública suscribirse pola devandita cantidade.

rante tanto tiempo el seno de la madre patria» (*ibidem*: XVI). Esta referencia a la «madre patria» pode advertirnos tanto sobre a ideoloxía en ascenso que está a espallar o estado centralista e a súa concepción de España como nación única, como da dificultade para permanecer impermeábel a ela, mesmo por parte de intelectuais dos que non se pode pór en cuestión a súa orientación nacionalista galega. Porén, ilumina e axuda a comprender algunhas limitacións analíticas e algunhas conclusións erradas evidentes na historiografía fundacional galega do século XIX, non derivadas precisamente do seu nacionalismo ideolóxico, senón da súa reverencia perante esa idea de España, como veremos. É este pregarse psicolóxico e ideolóxico a unha idea intocábel, entre outros factores, o que impediu ou retrasou a aposta decidida por procurar alternativas de política práctica recorrendo a contar con organizacións de ámbito nacional galego.

Para un historiador dunha nación sen estado que aspira a construír a historia do seu país, neste caso Galiza, coincidindo, se ben desde a retagarda ou nas marxes, coa que o propio estado no que se insire promove para forzar unha identidade nacional común, en base á idea dunha nación única, sobre a cerna da nación dominante, parece que, nunha primeira fase, o recurso á táctica equilibrista é inevitábel. Todo o que recibe de información académica ou oficializada vai nunha dirección contraria á do seu propósito. Procurar a benzón das institucións autorizadas para lexitimar unha obra historiográfica que nada contra corrente, é máis que problemático. Todos os precedentes recoñecidos e lexitimados avalan os deseños que é necesario discutir e combater para a historia negada abrirse paso. A nova historiografía española do século XIX, baixo un carimbo científico, ten como obxectivo confeso ou inconfeso defender e consolidar a idea de que existiu un elo histórico que conduciu, case de forma providencial, á aparición do estado-nación, panacea da modernidade e do progreso.

Ardua e complicada tarefa foi para Murguía confrontarse co papel, ou as ausencias, que nese deseño se nos asigna como pobo, sen dúbida o máis damnificado pola forma oficial de construír o pasado peninsular na zona noroccidental. Hai que ter moito valor para enfrontar unha dificultade que obriga á confrontación coa memoria escrita consolidada. O propio Murguía achégase a unha explicación desa dificultade, aludindo ás derivadas da situación interna galega, pois a esta intenta responder a súa obra. Segundo el, hai un duplo xogo paradoxal naquel momento na sociedade galega a este respecto. Existe na nosa sociedade un grande e natural amor polo pasado; porén, tamén se dá un evidente desleixo por lembralo. Por outra parte, Galiza está moi necesitada de máis amor por parte dos seus fillos; ora ben, é onde a colectividade fai menos pola patria (cfr. *ibidem*: XII). Pon Murguía o dedo na ferida cando alude a unha actitude galega, no terreo político, que aínda hoxe permanece vixente, en boa maneira: «seguimos esperando que los estraños [*sic*] nos traigan la justicia, la riqueza, la felicidad» (*ibidem*). A súa reacción perante esta entrega ou confianza no que virá do exterior é contundente: «no debemos esperar nada de los estraños»

(*ibidem*). Xa podemos comprender, atendendo a esta apreciación sobre a realidade social galega, por que Murguía sentiu o seu deber, o seu compromiso intelectual con Galiza, como un labor, en boa medida, mesiánico. Non estaba carente de xustificación, embora puider conducilo ás veces ao vitimismo ou ao egocentrismo, o que non invalida que as súas queixas, laios ou frustracións tivesen motivación, causa obxectiva e racional, a maior parte das veces.

Sen dúbida, o seu matrimonio con Rosalía de Castro estivo tamén baseado na confluencia de criterios e na coincidencia no obxectivo de contribuír a despertar Galiza como pobo diferente, específico, dotándoo de elementos que vivificasen o seu espírito, a súa conciencia: historia propia, literatura nacional na súa lingua, dicionario de escritores ou bibliografía do país, dicionario da lingua, prensa, rede social de apoio e difusión...). Era un plan ciclópeo e, desde logo, de difícil execución dependendo só das súas capacidades intelectuais e artísticas e da recepción social dos seus amigos colaboradores. Lembremos que Camilo Álvarez de Castro, o amigo común, chantre na catedral de Salamanca, difusor das súas obras, se admiraba da tarefa que se tiñan botado enriba: convencer os galegos e galegas de que o somos, a comezar polos máis necesitados e pertinentes, os alfabetizados e cultos das clases burguesas e fidalga^[7]. Neste empeño, marido e muller estaban igualados en intelixencia, se ben a sensibilidade psico-social e capacidade artística de Rosalía era moito maior (Rodríguez, 2011: 617-632; Barreiro, 2012: 204). Ficaban para Murguía as relacións sociais e políticas en procura de editores e de ingresos, especialmente en Madrid. Unha función da que non estaba ausente Rosalía, no plano editorial, malia a especial privacidade ou marxinação social en que viviu a partir, sobre todo, de 1875. Non teremos, pois, que advertir que a *Historia de Galicia* de Murguía e os *Cantares Gallegos* de Rosalía forman parte do mesmo proxecto común, como o é *Follas Novas*, malia a súa tardanza en aparecer nun contexto diferente (1880) ao que foi proxectado, xa con sensación de fracaso do empeño inicial, embora estivese preparado para editarse e anunciarse a súa pronta aparición en 1872, data, por certo, tamén da segunda edición de *Cantares Gallegos*.

A eufórica concepción ideolóxico-política de Murguía nos anos sesenta do século XIX, sinala que, en materia de historia, sendo esperábel o desdén polo pasado nunha época tan chea de mutacións revolucionarias verbo do Antigo Réxime, paradoxalmente veu a producirse o afán por coñecer e aprender a valorar o amor por el: «...el presente siglo. Hijo de una revolución sin igual, y presentándose ante sus ojos

[7] Nas súas cartas ao matrimonio Murguía/Rosalía, ao longo dos anos 1863-1866, especialmente as números 171, 177, 218, 243 (Axeitos/ Barreiro, T. I, 2003), podemos comprobar esta admiración pola tarefa ímproba que o matrimonio asumira, chegando a dicir: «La pobre Rosalía tampoco ceja, según U. me dice, en su propósito de dar a conocer las riquezas que encierra esa madriguera de ingratos. Vms. dos son una cosa parecida a las mujeres que aman más a quien más las martiriza».

inmenso, formidable, aterrador, el problema social, que, como el caballo de Troya, encierra dentro de sí todos los problemas, debía al parecer mirar con desdén cuanto no se refiere a las cuestiones que tanto le preocupan y conmueven» (Murguía, 1865, T.I, Prólogo: XV). Non foi así, e provocou un grande amor ao pasado. Para Murguía, estamos perante unha consecuencia da madurez da razón, producida na «desgracia y el tumulto de las revoluciones», de maneira que nunca houbo unha xeración máis a propósito que a deste século para o estudo da historia (*ibidem*). Estamos, pois, diante dun Murguía partidario das revolucións burguesas, as inspiradas na revolución francesa, sen deixar de simpatizar, tamén por iso, coas clases populares, ás que consideraba destinatarias privilexiadas da liberación que a fin do Antigo Réxime representaría para elas. Dá a impresión de o seu pensamento estar entón tinxido dun socialismo utópico que, non en balde, lle valeu ser recoñecido e denunciado como tal polos seus inimigos naquela altura, cando menos até 1875. Así, no prólogo do Tomo I da súa *Historia de Galicia* (1865) invoca as clases populares do país, con palabras escritas, após visitar as pobres vivendas de labregos e mariñeiros, que anuncian as que fará súas Rosalía nas “Dúas palabras da autora” como pórtico a *Follas Novas*, sen dúbida lembrando e avaliando o resultado do proxecto mancomunado inicial: «...Y vosotros, humildes tribus de labradores y marineros cuyas pobres viviendas acabamos de visitar, vosotros entre quienes nacimos y para quien escribimos este libro que tanto tiempo tardaréis en leer, si por ventura sale de entre vosotros el bardo misterioso que debe celebrar vuestras sencillas epopeyas, que nuestro nombre resuene en su primer verso, por el amor y compasión que os tenemos» (*ibidem*: XXV). “Entre quen nacimos”, unha expresión que dá conta da pertenza ao mesmo corpo nacional.

Sen dúbida resoaban en Murguía os ecos do movemento proletario cando acredita en que «el proletariado que tuvo ya sus Gracos, espera que aparezca su Espartaco» (*ibidem*: XXV). Isto é, a plena liberación, mostrando así conciencia plena da esencia da loita de clases e a proclividade a proclamas revolucionarias nun contexto onde se ventea a próxima revolución de 1868, que rematará coa monarquía borbónica no estado español e abrirá paso ao que se denominou sexenio revolucionario (1868-1874), experiencia non moi satisfactoria para Galiza e a esperanza do matrimonio en relación co seu programa cultural, embora Murguía atopar traballo estábel como funcionario de Arquivos e Bibliotecas (primeiro, no Arquivo de Simancas, e logo no Arquivo do Reino de Galicia)^[8].

[8] Coa chegada do novo réxime, sendo o ministro de Fomento Ruiz Zorrilla, por decreto do Goberno provisorio, ingresa Murguía no corpo de arquiveiros e bibliotecarios, con destino, mediante outro decreto de 5 de decembro de 1868, ao Arquivo de Simancas, polos seus méritos contraídos especialmente na súa *Historia de Galicia* e no *Diccionario de Autores Gallegos*, obras que contarán co aval da Real Academia da Historia (cfr. Barreiro, 2012: 333-334). Após vivir unha situación conflitiva no Arquivo de Simancas, abríndoselle un expediente que foi resolto de forma pouco

Naturalmente, entre os distintos vectores do pensamento murguiano non había a mesma xerarquía nen todos se ollaban coa mesma necesidade e urxencia. Uns gozaban de preferencia sobre outros á hora da manifestación pública e da acción práctica. Non tanto por gozaren sempre de maior adhesión, querenza e identificación íntimas, como por causa tamén de limitacións, barreiras e oposición maiores coas que se topaba. Tamén no campo político no que militaba, onde el procuraba protección e axuda, cobertura e apoio para a súa actividade de escritor, publicista e xornalista. Naquel momento histórico, a década dos sesenta do século XIX, é incuestionábel á pertenza de Murguía ás filas do progresismo esparterista, militando nel e obtendo certa protección dos círculos do político que aspirara, primeiro, a introducir o espírito liberal e revolucionario no réxime isabelino. E logo, xa convencidos de se tratar dunha dinastía e dun trono refén do moderantismo máis reaccionario, colocar o obxectivo na mudanza de réxime, embora sen prescindir da monarquía parlamentaria. Referímonos a Salustiano de Olózaga^[9].

Resulta rechamante que, nos estudos máis detallados e extensos sobre Murguía^[10], onde se analizan tamén o seu pensamento e a súa acción política, non se faga a mínima alusión ás súas relacións co líder político do progresismo español na década dos sesenta do século XIX, existindo probas que involucran ademais a propia Rosalía de Castro. Sabemos da asistencia do noso historiador ás reunións sociais na casa de Olózaga en Madrid. No ano 1864, varios xornais madrileños (*La Época*, 6-05-64; *La Nación*, 7-05-64; *El Contemporáneo*, 7-05-64) dan conta dun *té literario*, celebrado o catro de maio pola noite, sen dúbida pretexto e cobertura para facer viábel a información, o debate e mesmo a intriga política entre correligionarios, mentres se escoitaba música e canto e se recitaban poemas, nesta ocasión tamén en galego e catalán en boca de Murguía e de Balaguer, respectivamente: «el señor Murguía un precioso romance en dialecto gallego, debido a la pluma de su señora esposa doña Rosalía de Castro [...] el señor don Víctor Balaguer una magnífica oda en dialecto catalán». Estaban presentes os comisionados de diferentes comités progresistas como os de

imparcial contra el, padeceu un traslado forzoso ao Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña), tomando posesión da praza o 7 de decembro de 1870 (*ibidem*: 351-353).

[9] Foi un político de longo percurso, moi odiado pola reacción moderantista, en especial por ideólogos do réxime isabelino, como Donoso Cortés. No inicio da década dos anos corenta do século XIX chegou a ter grande influencia na raíña Isabel II, aínda nena e moza, sendo nomeado o seu aio en 1843, para alén de ser Presidente das Cortes. Padeceu o exilio a partir de 1843, como consecuencia da persecución e das intrigas da reacción moderantista, que o acusou dun delito de *lesa majestad*. Unha amnistía de Isabel II facilitará o regreso de Espartero, Olózaga e outros exiliados en 1847. Olózaga intentou que mulleres liberais e cultas, como Juana de Vega ou Concepción Arenal, arroupasen e influísen na educación e ilustración da raíña (cfr. Burdiel, 2004).

[10] Por exemplo, os de Ramón Maiz, Xusto Beramendi e Xosé Ramón Barreiro Fernández, que prestaron en distintas ocasións atención á ideoloxía e o compromiso político de Murguía.

Albacete e Alicante e outros. Era a manifestación, compensatoria e ideal, de como o olazaguismo xogaba coa pluralidade cultural e lingüística nos casos catalán e galego, como parte pertinente a considerar dentro da unidade nacional. Entre os asistentes, amigos particulares e políticos, figuraban «personas distinguidas en la política, en las armas, en las letras y en las artes...», como o xeneral Prim, o deputado prusiano Von-Benda, o xornalista e poeta Ruiz Aguilera, o catedrático e xurista Pedro Gómez de la Serna, o xornalista e dramaturgo Bretón de los Herreros, os historiadores Cayetano Rosell e Santos Álvarez, que recitou «un fragmento inédito sobre la *Historia de España*». Mesmo se recitou a descrición dun auto de fe, posta en boca de Felipe II, «en un drama prohibido por la censura». Distintos músicos e cantores «completaron el encanto de la fiesta, cantando varias piezas de ópera y aires nacionales»^[11].

No ano 1866, coincidindo coa publicación do Tomo I da *Historia de Galicia* de Murguía, Rosalía, a instancias dos artesáns progresistas de Compostela, elabora un poema, dedicado a Salustiano de Olózaga, para repartilo entre a xente como recepción perante a súa inminente visita á cidade, dentro do seu percurso galego. O xornal *La Soberanía Nacional* (4-06-1866) dá conta, reproducíndo o poema, de cal foi a orixe e as vicisitudes polas que pasou. Olozoga estaba xa confrontado co réxime da monarquía borbónica de Isabel II, malia a súa condición social burguesa e os seus interese económicos, beneficiado da desamortización e inversor en obras ferroviarias. O reitor da Universidade aconsellou aos estudantes que non fosen recibilo. O sub-gobernador negouse a pór o selo da oficina na proba do poema, sen chegar a autorizala. *La soberanía nacional*, de Madrid, que o edita, denuncia ademais a censura de que fora obxecto. Por certo, o fino espírito rosaliano non se limita a facer nel a exaltación como orador político do tribuno progresista, ao que ela tería mesmo visto e ouvido, nalgunha ocasión, nalgunha intervención pública, mesmo no Congreso, en Madrid. O que fai, en esencia, é vincular a salutación a Olózaga aos intereses e a esperanza de Galiza, con ese sentido patriótico galego que a caracteriza, para alén de enxalzar o pasado histórico, con reis de seu, de Compostela^[12].

Queremos, pois, aclarar que, por estes anos, Murguía estivo adherido a unha corrente política concreta de ámbito estatal. Entón a única alternativa existente eran os partidos estatais, máis ben correntes de opinión. Porén, o seu pensamento teórico e a súa praxe verbo de Galiza estaba fóra do programa político do partido progresista e dos seus obxectivos. Era así tanto verbo do carácter de Galiza como nacionalidade, como da súa atención e interese en procurar solución á problemática das clases traballadoras do campo e do mar. Nunha palabra, como intelectual e escritor, o seu

[11] Citas tiradas da información que dá *El Contemporáneo*, 7-05-64.

[12] Para unha máis detallada información sobre o poema e as súas circunstancias, vid. Rodríguez, 2013, *Sermos Galiza* (26-04-2013: p. 24-25), onde apareceu por vez primeira exhumado este inédito rosaliano.

programa cultural para Galiza excedía os límites do progresismo para pertencer ao proto-nacionalismo. Desde logo, é incuestionábel que con el «a teorización da identidade galega experimenta un salto cualitativo» (Barreiro, 2012: 289). Como ten sinalado Barreiro (*ibidem*: 471), o uso do termo nación ou nacionalidade sitúase no miolo do discurso murguiano e constitúe no futuro o eixe da súa interpretación de Galicia», indicando que «foi no Discurso Preliminar ao tomo I da *Historia de Galicia* (1ª edición do ano 1865) onde apareceu a expresión dunha maneira clara e rotunda, sen ambigüidades» (*ibidem*: 471-472)^[13] A necesidade de abrirse camiño económico e a procura de espazos de comunicación para a súa escrita, tanto en Madrid como en Galiza, levouno a integrarse e desenvolver as súas actividades en círculos progresistas, desde os cais estaban asegurada tamén as relacións cos demócratas de tendencia claramente republicana, e, en moitos casos, socialista ou anarquista. Contou nas súas filas con bos amigos galegos (Eduardo Chao, en primeiro lugar) e apoios, sen lle faltaren contactos importantes en medios conservadores (comezando por Pastor Díaz). Debemos, pois, subliñar a capacidade de Murguía para a relación social e o respecto de que gozou entre moitas das súas amizades, sen renunciar ás súas ideas nacionalistas, embora as modulase, conforme aos interlocutores e ás circunstancias. Desde logo, desdíd o seu suposto carácter irascíbel e egocéntrico.

Nesta atmosfera aparecen os tomos I e II da súa *Historia de Galicia*. Non é estraño que, nun ambiente de grande influencia intelectual dos progresistas entón e da incerteza sobre o futuro do réxime, para alén da extrema ponderación da afirmación da nacionalidade galega nos dous tomos, a obra non fose recibida entón con hostilidade nen pola Real Academia de la Historia, da que mesmo Murguía chegou a ser designado académico correspondente en xaneiro de 1866^[14]. Igualmente pasou coa prensa madrileña^[15], onde o normal foron as críticas protocolarias, embora non faltaron xa as acusacións de separatismo ou manifesta incomodidade por considerar que expresaba un apego extremo á *provincia* e ao relevo da súa historia. Paga a pena deterse na aparecida en *La Enseñanza* (10-04-1867), subscrita por S. García y Gar-

[13] As referencias concretas a Galiza como nacionalidade son, nos Tomos I e II da *Historia de Galicia*, as seguintes, respectivamente: «Fue Galicia una de las primeras nacionalidades que lograron constituirse en España» (I: 89)/ Situada a una extremidad Europa, separada de los pueblos hermanos por cadenas montañosas, con idioma propio, este antiguo reino tiene todas las condiciones que se necesitan para formar una completa nacionalidad» (II: 222).

[14] Cfr. Barreiro, 2012: 311-313.

[15] Aínda recoñecendo que é una obra correcta, elocuentemente escrita e moi completa, *La Época* (7-03-1867), reseñando a saída do Tomo I, non deixa de sinalar: «El señor Murguía se ha inspirado en el amor patrio más acendrado; pero a veces incurre en un espíritu provincial tan exagerado y sueña para su país tales destinos, que se pierda de vista al historiador y se descubre al poeta a lo Víctor Hugo». M. Ossorio y Bernard publica en *La España* (21-03-1867) una crítica tan extensa e encomiástica como anódina.

cía, que empieza aludindo a que «la Academia de la Historia, suprema autoridad en esta materia, ha expresado su voto, por cierto bien lisonjero para el Sr. Murguía, juzgando la obra digna de figurar en todas las Bibliotecas de España». Após desfacerse en eloxios do autor e cualificar a obra de *magistral*, advirte:

El amor que el Sr. Murguía profesa a Galicia le hace desear para ella una autonomía imposible que sería su muerte [...] el Sr. Murguía va cayendo de abismo en abismo hasta romper el lazo que une a Galicia con las demás provincias hermanas, hasta renegar de la madre patria que cobija a Galicia como al resto de la península, desde que existe esta nación afortunada que debiera amar más que a su país y antes que a su país el Sr. Murguía [...] la lectura de esta obra, por tantos títulos apreciable, nos aflige, y afligirá igualmente a todos los que sientan en sus venas correr la sangre española

As prevencións e cautelas do historiador non resultaban suficientes, embora non houbo reacción institucional nen socio-política de hostilidade tan aberta e descarnada, como a que provocou o Tomo III, aparecido no ano 1888, imprentado a costa do Centro Gallego de La Habana, nunhas circunstancias vitais e políticas ben diferentes. De feito, en relación co Tomo I da *Historia de Galicia* houbo mesmo un ditame da Real Academia de la Historia, inserido na *Gaceta*, en cumprimento da Real Orde de 10 de febreiro de 1864. De acordo con el, por Real Orde dispúxose que se adquirisen 20 exemplares da obra, satisfacéndose o seu importe con cargo ao capítulo 22, artigo único, do orzamento do estado (cfr. *El Pensamiento Español*, 8-03-1867).

Entremos, entón, a facer unha análise do Prólogo e do Discurso Preliminar do Tomo I, que fan de pórtico, na súa función de mostrar os postulados histórico-filosóficos en que se asenta a súa concepción da historia, e unha especie de *sinopse da historia de Galiza*^[16], respectivamente. En efecto, Murguía manifesta no Prólogo a prevención contra a falta de imparcialidade e a malevolencia contra outros pobos á hora de escribir a historia, recorrendo ás palabras do historiador portugués Herculano a quen toma como modelo na forma de proceder (Prólogo: XVII-XVIII). Endebén, aclara que non cre «en la absoluta imparcialidad de la historia; piensa sí que aquel que pretenda gozar de esa ventaja tendrá que ser, cuando menos, un hombre

[16] Así o considera J. M. Paz Novoa, entón aínda un mozo, amigo do matrimonio Murguía/Rosalía, na súa crítica da obra en *El Museo Universal* (9-06-67), onde aproveita tamén para defender Murguía da acusación lanzada desde *La Enseñanza* de que o libro «ataca implícitamente el carácter de unidad de la nacionalidad española». Curiosamente afirma que «no va tan allá el señor Murguía». Só se trata de «sin quebrantar los vínculos que la unen con el resto de la península, podrá constituir una federación rica, poderosa y feliz». O historiador ten tamén a función de descubrir «la senda misteriosa del porvenir».

de hielo, insensible a los halagos de la virtud, friamente estoico ante los triunfos del vicio» (*ibidem*: XVIII). É, iso si, radical no criterio de desbotar falsas glorias e agochar defectos. Aliás, a historia non pode ser letra morta, pois remite a dores da humanidade, da vida (*ibidem*: XXIII). Non se pode considerar, pois, a súa historia positivista, meros feitos, ou negarlle carácter filosófico, cando expresa, con clarezza, que se move entre o fatídico círculo de Giambattista Vico, historiador, xurista e filósofo italiano (1668-1744),^[17] e o ascenso de progreso en progreso á ilimitada perfección (*ibidem*: XXI). Para el, sobre todo, a narración histórica debe ser clara, completa e exacta, apreciándose as consecuencias dos feitos e con conclusións lexítimas (cfr. *ibidem*: XXIII). Dela ten que tirarse a verdade, como unha lección que encerra. Por tanto, historia dos feitos, paixóns e vivencias, con enerxía e colorido, porén, tamén historia filosófica. Desde logo, sempre debemos ser conscientes de que traduce a loita do vencedor e o vencido, do que ten e o que non ten, establecendo así unha dialéctica de antíteses que o achega ao materialismo. Dá a impresión de que a concepción filosófica corresponde a unha lectura universalista da historia, que, segundo o seu criterio, resultaría impertinente cando se tratar de escasas vicisitudes sen vida propia e sen acción directa sobre os demais (*ibidem*: XXII). Con todo isto pretendemos afirmar que, malia a súa negativa valoración do estado no que lle semella mergullada a Galiza coetánea, acredita en que moitos dos seus males veñen de atrás. A retrospectiva histórica pode pólos de manifesto e, en consecuencia, descubrir como se orixinaron, a súa causalidade. As desgrazas do presente terían, pois, fondas raíces (cfr. *ibidem*: XXIII).

É, pois, a súa unha historia documental, que indaga no carácter peculiar do pobo, dos individuos e dos sucesos relevantes, sen renunciar a tirar conclusións filosóficas ou morais, lóxicas, coherentes e lexítimas. Para facelo cumpre contar con *erudición para ver e tamén con imaxinación para pintar*, expresiva manifestación da súa base documental e da necesidade de dotala de vida. Malia a destrución e deterioro e mesmo desaparición de moitos monumentos seguen a constituír a representación, os indicios, a ilustración de épocas pasadas, a Idade Media moi en especial. A súa relación coa sociedade e o pobo iluminará precisamente o seu significado como testemuñas da orientación, do sentido histórico dese momento. É Murguía moi consciente de que o seu libro «ha de ser incompleto; no permite outra cosa el estado actual de las ciencias históricas en Galicia» (*ibidem*: XX). Para el, o seu libro é máis ben un «ensayo de historia de Galicia» (*ibidem*: XXV), que contén a esperanza dunha redención de Galiza e das clases traballadoras galegas, fundada en que «más de una vez en el flujo y reflujo de los pueblos ha sucedido quedar dominando los que eran dominados y esclavos los que antes se entregaban a todos los escesos [*sic*] del

[17] Seguramente Murguía coñecía a adaptación que fixo en 1827 Michelet de *Principi di una scienza nuova intorno alla natura delle nazione*.

poder» (*ibidem*: XXVI). É, pois, lóxico que sexa un libro que canta dores, esperanzas e triunfos (*ibidem*: XXV e XXVI). A verdade é que Murguía asumiu, con tanta decisión e empeño como prudencia equilibrista, condicionado polo estado da información sobre a Idade Media galega, e cautela para non colidir de fronte co deseño que se estaba impondo como canónico sobre o pasado medieval peninsular, o seu obxectivo de dotar o país de historia propia á altura dos tempos, sen que chegase a completarse totalmente.

Porén, nótase algunha diferenza informativa, analítica e conclusiva entre os dous primeiros tomos, publicados en 1866, antesala da revolución de 1868, e militancia no progresismo español, desde unha posición protonacionalista galega, e o III tomo, editado en 1888, sufragado polo Centro Gallego de La Habana, cando, desencantado das posibilidades para Galiza de militar en partidos da esquerda española, vía na auto-organización, a través dunha fórmula eufemística –o rexionalismo–, a única saída para expresar perante a sociedade posicións teóricas e prácticas máis abertamente nacionalistas, defendendo así mellor os intereses de Galiza. Non imos negar o peso da febra historicista na concepción histórica de Murguía cando identifica o carácter e a idiosincrasia do pobo galego coa súa orixe celta como matriz. Porén, esta procedencia, na práctica, ten consecuencias para un determinado período da protohistoria, a etapa pre-romana, sendo o substrato cultural latino o que, na análise murguiana tamén, constitúe un elemento esencial da conformación da identidade de Galiza como nación, na súa configuración medieval. O certo é que Murguía non ficou prisioneiro da tese de existir unha raza céltico-galega, atribuíndolle toda a enerxía histórica da nacionalidade galega, como defende Barreiro (2012: 294), á hora de elaborar a súa historia. A súa visión da Idade Media, en concreto, non padece esta obsesión que se lle atribúe. Aliás, é innegábel que, estando acertado ou non, sobre a orixe céltica do pobo galego e o pouso céltico básico da súa cultura, fundamentou a súa tese nunha variedade de fontes que abraia, non só documentación arquivística e bibliográfica, senón investigación arqueolóxica, monumentos megalíticos e castros (cfr. Barreiro, 2012: 292). Resulta sintomático que, na crítica máis aceda que recibiu o Tomo I da súa Historia, a xa aludida en *La Enseñanza* (10-04-1867), para descualificar a súa tese celtista, se recorra a un argumento que alumea, pola contra, o vector socio-cultural, máis que o racial, como pertinente na conformación da nacionalidade: «...podrá probarnos nunca el señor Murguía que sólo en las regiones del Miño poblaron los primitivos celtas? Muy al contrario, dicho señor afirma en diferentes lugares de su obra, que la población céltica se extendió a toda o casi toda la península». A diferenza estaría, pois, en que, na parte noroccidental peninsular, tería callado, pola intensidade e conxunción dunha serie de factores de orixe celta, unha estrutura social e económica, unha forma de ocupación do territorio, unha forma de vida específica que merece este cualificativo. Non só recoñecía Murguía a irmandade de Galiza cos pobos celtas. Tamén o facía cos latinos, en particular os peninsulares, se é esta a preocupación.

A Idade Media, entre a normalidade e o esplendor, e a frustración

Comezaremos afirmando que Murguía manexa unha valoración previa da historia de Galiza en xeral, moi condicionada pola súa anulación, preterición e desfiguración, no deseño académico que se instauraba como dominante entón, incluíndo tamén a súa suposta consideración xeográfica periférica como causa tamén da súa excentricidade política. Non deixa de ser sintomático que, téndose producido nela fenómenos e convulsións socio-políticas, na primeira metade do século XIX, como a dinámica específica na denominada guerra da Independencia contra o francés, a incidencia dos movementos liberais contra o absolutismo ou a revolución de 1846 –contemplada nun dos seus momentos máis cruentos polos seus ollos de rapaciño– manteña a seguinte valoración como punto de partida: «Alejado este antiguo reino por la naturaleza del resto de la nación, fue su vida igual a la de una modesta familia que soporta en silencio sus desgracias [...] faltan en su historia grandes revoluciones [...] este pueblo es, en cambio, el de las indomables resistencias, pero casualmente esto da a la historia un carácter de individualidad que parece empequeñecerla» (Prólogo: XX). Aceitemos mesmo o peso da marxinalidade de Galiza nos últimos cinco séculos da nosa historia. Aínda así, a valoración murguiana non se sustenta, por falta de fundamento e matiz cando menos, en relación con boa parte da Idade Media, unha etapa de sete séculos que, con oscilacións, non autorizan a súa visión tan absoluta de conxunto. É curiosa esa crenza murguiana de a individualidade ou peculiaridade seren síntoma de falta de universalidade ou de interese filosófico para a humanidade. Cremos que o predominio ideolóxico do seu progresismo dificulta a percepción dun mundo xustamente máis universal, válida para contemplar sen prexuízos a todos. É como se o axioma de o *home ser progresivo* debese axustarse a unha determinada evolución histórica que non permite desviacións ou variantes, xustamente provocadas pola dialéctica real da evolución histórica. Porén, esta valoración inicial podería ficar nun xuízo errado nada máis, se non tivese relación con tres condicionantes que, estes si, apoucan e desfiguran o coñecemento dos feitos, e a súa valoración, as causas e consecuencias que os orixinan e orixinan, en boa maneira contribuíndo a ignoralos ou a aceptar como válidas as informacións ou análises do medievalismo canónico español sobre a Idade Media peninsular, entón en proceso de construción baixo a protección e amparo das institucións do Estado.

Non descoñece Murguía que o que el chama combate contra os ismaelitas deuse a un tempo desde Galiza e Asturias, diferenciando pois non fai uso do hiperonímico ‘Gallaecia’ para representar toda a extensión do ámbito orixinario do reino cristián (Gallaecia)^[18]. Porén, xa parte dun condicionante inicial, que, ademais, considera

[18] É nesta cuestión onde Murguía resulta máis condicionado polas circunstancias do seu tempo e polo condicionante da información bibliográfica de que dispuña, incluída xustamente a máis

fortuíto, adaptándose así ao tópico do medievalismo español: «Quiso la fortuna de nuestros hermanos de Asturias que Pelayo, príncipe de sangre real, se refugiase en sus montañas y que los que le seguían, fieles a la tradición visigoda, le levantasen sobre el escudo y le proclamasen rey» (Murguía, 1865, T. I, Discurso preliminar: 72). Desde esta perspectiva, non lle queda máis remedio que practicar un difícil equilibrio entre non negar a entidade do reino de Asturias e a existencia de reis asturianos e ao mesmo tempo aludir ao reino de Galiza, como secuela ou derivada, ou como aspiración: «Se notan los deseos que hubo siempre de constituir en Galicia un reino aparte y los esfuerzos que se hicieron para conseguirlo» (*ibidem*: 71). A perspectiva de Murguía, non pondo en cuestión a existencia do reino de Asturias, con entidade política e capacidade dominante no noroeste peninsular, coloca a causa galega como unha causa política dentro do reino, síntoma dunha rivalidade que nunca chegaría a consumarse como triunfante: «...las tentativas de nuestros nobles de levantar en Galicia un reino rival del de Asturias, fueron tan grandes como infortunadas» (*ibidem*: 76).

Esta percepción, que non se corresponde coa realidade histórica, adaptándose á académica española, condúceo a facer, en contraste, de forma inevitábel, recoñecementos fundados, mais contraditorios, e diríamos que insostíbeis desde aquel punto de partida. Porén, é quen de facelos, servindo así á verdade: «Fue Galicia de los primeros pueblos que lograron constituirse en España, durante tan largo y angustioso período» (*ibidem*: 78). Isto é, constituírse en protonación, delimitada por criterios lingüísticos, culturais, sociais, económicos, precedentes históricos, conciencia de si, como realidade política diferenciada. Esta aseveración condúceo a outra conclusión que, se é certa na súa primeira parte, naufraga na segunda pola permanencia dun risco ou aspecto substancial do punto de partida. Para referirse ao que considera falta de monarquía propia di: «...se ve pronto que nuestro país, al poco tiempo de haber sacudido el yugo agareno, floreció como ninguno y fue el rico venero de donde los monarcas asturianos y leoneses sacaron toda provisión, todo ejército, toda población» (*ibidem*: 78). Existe unha clara intuición e constatación de onde estaba a potencia e a capacidade, que naufraga pola persistencia de atribuír o poder político a asturianos, primeiro, e leoneses máis tarde. Mantense, pois, unha falsa atribución do poder monárquico a membros das clases dirixentes asturianas ou leonesas, o que non ten apoio documental ningún, e menos considerando estes xentilicios como po-

recente e con carimbo de autoridade. Parece innegábel que era, ademais, o terreo onde a Real Academia de la Historia e as institucións do estado serían máis inflexíbeis, non tolerando desviacións do dogma oficial sobre a conformación dos reinos cristiáns. Aínda hoxe segue a ser un Rubicón infranqueábel para a historiografía medieval académica que se fai na Galiza. Tamén é o terreo onde, sobre todo por esforzos alleos ao academicismo, se ten avanzado máis verbo da nosa historiografía clásica fundacional (Murguía, Vicetto, López Ferreiro), en especial no que se refire ao deseño interpretativo.

liticamente máis relevantes que o de galegos. Un xentilicio, por certo, que se usaba para referirse, en principio, a unha vasta extensión, a da Gallaecia romana e sueva, e logo a unha Galiza máis restrita que abranguía desde Ortegal ao Douro e polo leste até o Navia e Ponferrada, co reino de León como marca. É o reino de *totius Gallaecia*, do que se escindiría, por un proceso lento e sen ruptura social, cultural e lingüística, durante máis de dous séculos, Portugal, como reino independente.

A non superación da versión histórica manipulada de o reino galego non ter contado con reis propios, cando realmente até o século XIII o poder real tivo a base e orixe na Galiza, conduce a Murguía a manter a desfiguración do proceso ou evolución histórica dos reinos occidentais. Asemade abocouno a apoucar e non lle dar a relevancia merecente, de forma algo incomprendible, ao período de maior esplendor medieval de Galiza, os reinados de Fernando II e Afonso VIII, e a súa influencia superior como poder político e cultural, na esfera peninsular, cénit dun período que comezou con Fernando I e manifestouse xa con forza con Afonso VI, co arcebispo Xelmírez e o clan dos Froilaz. O que son máis de dous séculos de ascenso progresivo no campo político e cultural fican reducidos na versión de Murguía, nesta súa fase de historiador, á etapa do arcebispo Xelmírez, personaxe que mereceu a súa reiterada atención, como defensor do reino de Galiza. Deste xeito, non é estraño que chegase á conclusión de o reino non se ter consolidado: «Quiso la desgracia que este reino no lograrse consolidarse y tener monarquía propia y continuada: no veríamos así suceder, a los brillantes días de Gelmírez, los amargos y estériles que vinieron durante los siglos XIII y XIV» (*ibidem*: 78). A que se pode deber que ignore ou desmereza até caer en tal xuízo os reinados de Fernando II e Afonso VIII, reis xenuinamente galegos, da época en que xustamente «el arte se hallaba entre nosotros tan floreciente, como lo estuvo más tarde en los dominios castellano» (*ibidem*: 79)? Intentemos aclarar a cuestión.

O período de Afonso VI, Xelmírez e Afonso VII, cos Froilaz ou Trava, como clase dirixente, é a primeira fase do esplendor que ten continuidade durante todo o século XII e unha parte do XIII. A cegueira murguiana, inducida desde a visión medieval hexemónica, deforma a evolución histórica de Galiza na dirección de reducir temporalmente os séculos de esplendor e normalidade plena, e desconsiderar, nada menos, unha etapa en que o reino seguiu unha estratexia propia orientada á reunificación con Portugal, impedir a hexemonía castelá, manter unha política de pactos co mundo musulmán sen asumir o espírito de cruzada, a eclosión da lírica denominada galego-portuguesa, da ciencia e da arte, impulsados desde o centro cultural e político que simbolizaba Compostela (Rodríguez, 2022, T. I: 39-56). Por se fose pouco, producíronse mutacións dentro do feudalismo que afectaron á forma de relación do campesiñado coa terra, ficando o primeiro, grazas ao foro, á marxe da dependencia dela como señorío feudal. Un paso na lenta liberación desta clase da opresión feudal que padecía, e que Murguía estudou con rigor e acerto. Este alixeiramento da de-

pendencia dos campesiños verbo dos señores axudou ao desenvolvemento vilego, ao impulso do comercio e a autonomía dos concellos, cuxo goberno se reclamaba para os burgueses, en especial fronte ao señorío dos bispos, no caso de sedes episcopais, a comezar por Santiago, cuestión que Murguía coñecía e valoraba de forma rigorosa^[19]. Realmente todo indica que a dinámica económica, social, política e cultural estaba moito máis desenvolvida no reino de Galiza que no resto dos peninsulares.

En principio, pois, pode resultar difícil achar unha explicación racional á desorientación analítica de Murguía no momento inicial da elaboración da súa *Historia*, que case podemos cualificar de despiste algo incomprendible, de non termos en conta a importancia que tivo o seu labor de preparación e investigación progresiva. Non por descoñecer a existencia destes reis, senón pola incapacidade para detectar que corresponden a un período de máis de setenta anos durante os cais a configuración da entidade política do reino de Galiza acada o seu cumio, en correspondencia cun papel xa contrastado e antitético verbo do emerxente reino de Castela. Non podemos atribuír o despiste de Murguía a ningunha intención de agochar ou manipular a historia contra o propio país que era o obxecto dos seus desvelos e preocupacións, e en particular o suxeito humano e político colectivo do que estaba empeñado en recuperar a memoria histórica, a do seu pasado medieval en especial, coa imaxe máis viva, apaixonada e reivindicativa de que era capaz^[20].

Cremos que só unha confluencia de causas pode explicalo, en especial a infra-valoración e impertinencia que se deduce da forma de tratar estes reinados. Enumerémolas. A primeira é, sen dúbida, o descoñecemento documental sobre o período destes reis e a escasa ou nula atención que a historiografía oficial lles prestaba, naturalmente interesada, pois revelaban unha realidade molesta e incómoda para o enalzamento de Castela como poder con antecedentes que non a estorbaran. A segunda é seren reis, especialmente Afonso VIII (IX), que non é que non gocen de simpatía na historiografía española, é que chegan a ser deostados e atacados pola súa estratexia política, considerándoa hostil con Castela, de onde deriva que é difícil decatármonos da súa importancia política no panorama peninsular do momento, pois así se obvia analizar unha confrontación de dúas estratexias antitéticas na península e como se camiñou cara á unidade dos reinos occidentais, en que conxuntura, con que métodos e con que precedentes. A terceira, posibelmente, ten a ver coa proclividade da historiografía a consideralos só como reis de León, ou de forma prioritaria,

[19] Xa no inicio da elaboración da súa *Historia*, Murguía tiña preocupación polo tema do foro, como correspondía a un home da súa ideoloxía, apostando pola supresión do mesmo, a favor da propiedade plena da terra por quen a traballaba, o labrego, sen negar por iso que fora un avance dentro do sistema feudal medieval (cfr. Barreiro, 2012: 429-432).

[20] De feito producíronse, co paso do tempo, avances importantes na súa consideración do pasado medieval respecto desta primeira fase da súa historiografía, ben visíbeis no seu libro *Galicia* (1888, Barcelona).

conforme á táctica da asimilación do reino de Galiza a el, na tradición historiográfica española e na documental, en ocasións, de orixe castelá. En todo caso, até despois de 1875 o medievalismo murguiano non ofrece síntomas de mudar, matizar ou rectificar a súa análise e valoración sobre esta fase final da etapa de esplendor. Cínguese ao período xelmiriano, concepción que exclúe, en boa maneira, a realidade de o reino de Galiza contar con reis propios, malia coñecer perfectamente o nacemento de Afonso VII en Caldas ou Afonso VI ser bautizado en Compostela, para alén de coñecer o poder e influencia dos Froilaz, Pedro moi en especial.

Esta deficiencia ilustra da dificultades con que se atopou o esforzo por recuperar a verdade histórica do reino de Galiza, empresa na que aínda estamos empeñados, para alén de comprobarmos como só o traballo acumulativo, desde os fundadores como Murguía no século XIX, foi fornecendo un coñecemento máis acorde coa realidade do acontecido. Desde este avance, podemos agora facer esta crítica, porque contamos cun coñecemento fundado que deitou luz sobre eses períodos para Murguía esvaecidos na súa significación. Por esta causa, o punto de partida, o deseño indiscutido e o descoñecemento de moita información documental, para Murguía a independencia arelada ou a autonomía do reino só se tería logrado ou albiscado en tres ocasións, entre o século XI e o XII, e sempre tería fracasado por causa da nobreza –outro tópico histórico murguiano: «Tres veces, en menos de un siglo, pareció estar a punto de conseguirlo, tres veces en que las tiranías de sus nobles, la muerte o la fortuna del príncipe gallego hicieron vacilar el nuevo reino y caer por último para no volver a levantarse; que si hay alguna verdad que se muestre siempre inalterable y en el fondo de los sucesos se revele constantemente en nuestra historia, es la de que a los nobles gallegos nada debe Galicia...» (*Historia*, T. I, Discurso Preliminar, cap. XII: 99). A primeira con García, fillo de Fernando I (un rei amante de Galiza, segundo Murguía), perdéndose a oportunidade pola división da nobreza galega (*ibidem*: 102) e fanándose así a fundación dunha monarquía galega. Segundo Murguía, teríase aberto así a porta a Afonso VI, rei de León e Castela, irmán de García e, como el, bautizado na basílica compostelá (*ibidem*). A segunda produciuse cando a configuración política do condado de Galiza, con Urraca, filla de Afonso VI e o seu esposo Raimundo de Borgoña, como condes. A terceira, a proclamación por Xelmírez e Pedro Froilaz do fillo de Urraca e Raimundo, Afonso, como rei de Galiza (*ibidem*: 104).

Sen dúbida, Murguía non é quen de deslearse totalmente do deseño analítico do medievalismo español, embora rompa parcialmente con el. Por unha parte, atende a información que ese deseño desatende ou da que prescinde, malia existir, simplemente por remitir a Galiza, Por outra, opta por defender a importancia e relevo, dentro da información con que conta, de personaxes senlleiras como Xelmírez e a súa política, ou valorar debidamente monumentos documentais que non son recoñecidos en toda a súa importancia polo medievalismo español, xustamente por desbataren os deseños posteriores, como a *Historia Compostelá*, da que opina: «Puede

decirse que es el monumento más notable y completo de nuestra historia, y a poseer algunos más trabajos parecidos a éste, el escribir el presente libro sería no sólo fácil y hacedero, sino también agradable ocupación» (*Historia*, T. I, Prólogo: IX). Nela acha Murguía «un cuadro animado y enérgico de las turbulencias y agitaciones de que fue teatro Galicia durante el reinado de una mujer y la minoridad de un monarca criado por la nobleza gallega, ungido por un obispo gallego, y por el pueblo gallego proclamado, levantado sobre el escudo y defendido en los campos de batalla» (*ibidem*). Desde logo, ten razón Murguía: esta crónica é impagábel e insuperábel, entre as do seu tempo escritas en latín na península. Porén, Murguía non derivou dela toda a carga política que contén sobre a consideración do reino como central, nuclear, hexemónico, dentro do conglomerado imperial de Afonso VI, Urraca ou Afonso VII, e por tanto a continuidade deste poder nos reinados de Fernando II e Afonso VIII (IX), como reis exclusivos de Galiza e León. Por iso, céntrase na figura de Xelmírez, como figura carismática, de grande talento político, como símbolo principal da defensa dos intereses do reino de Galiza, limitándose á intención expresa na *Historia Compostelá*, embora o seu contido superalo na información que fornece..

Sintomaticamente, nótase condicionado por manter prudencia, precaución, para a súa análise e valoración non aparecer establecendo contraste ou conflito de Galiza con Castela e, sobre todo, coa idea de España, custoso equilibrio que remite aos seus medos, ás limitacións do discurso protonacionalista na España en construción. Non foi pequeno o atrevemento de contradicir a opinión desfavorábel dos historiadores españois á figura de Xelmírez: «Entre tantos grandes hombres como cuenta Galicia no hay ninguno que como él, haya amado más nuestro país, que más tratase de engrandecerlo, que más haya levantado nuestro nombre, que más hiciese por ensalzarle y ennoblecerle» (*ibidem*: 105). Non en balde, andando o tempo, en 1898, Murguía dedicaríalle un libro a el en exclusiva, tirándolle partido á información da *Historia Compostelá*, e converténdoo claramente nun símbolo de Galiza, para alén de «el más grande hombre público de la España cristiana en los tiempos medios»^[21]. Non deixa de ser elocuente de como Murguía superara algúns dos medos e precaucións da súa etapa inicial como historiador e mesmo certo prurido por indicar os servizos, sempre mal pagos polos beneficiados, a outras nacionalidades, en especial Castela, como dominante na construción de España, expresados en 1865 así: «Don Diego, a conjurar todos los peligros y, después de coronar por rey de Galicia al niño Alfonso y de levantar banderas por él, corre con sus huestes a auxiliar a Doña Urraca y a salvar la nacionalidad castellana» (*ibidem*: 108). Curiosa forma, pois, de presentar o papel do reino de Galiza na súa loita contra o expansionismo imperial aragonés que disputaba o control de Tierra de Campos e Castela á influen-

[21] Cfr. Barreiro (2012: 609-613). Murguía, *D. Diego Galmírez*, A Coruña, Imp. Y Librería de Carré, 1898.

cia galega e que, a través da política matrimonial, o casamento de Alfonso el Batallador con Urraca, a filla de Afonso VI, aspiraba a ter lexitimidade política para ser tamén rei emperador dos reinos cristiáns occidentais. Dá a impresión de que o noso foi un papel salvador de quen logo foi o noso opositor e dominador, como se se tratase de salvar a esencia de España. Non creo que sexa fantástico entrever a sombra alongada do españolismo castelanista condicionando a análise de Murguía no afán por non aparecer molesto co substrato ideolóxico dominante, non só, pero tamén, no progresismo cortesán, antes da Restauración borbónica (reinado de Isabel II e sexenio revolucionario) e logo da Restauración borbónica (1875).

Tense defendido que o termo nacionalidade equivale na concepción de Murguía ao de nación (Barreiro, 2012: 471-477). Na aparencia si, porén coido que é un uso máis restritivo no campo semántico, o primeiro fronte ao segundo. Co termo nación, fica máis claro e asúmese que se trata de realidades específicas con potencia e aspiración a chegar a ser nacións políticas, aquelas que logran un estado propio. Por iso, o Murguía que milita no progresismo español, malia ter unha preocupación, adhesión e práctica cultural e social, vinculada prioritariamente á revitalización do espírito do pobo galego como diferente e consciente de si, pasa con pés de manteiga por enriba da opresión e dominio que exerce o Estado español sobre Galiza como nación. Limitábase case a facer antíteses máis psicolóxicas, culturais e antropolóxicas entre Galiza e Castela, máis que a evidenciar as contradicións e opresións que nos afectan derivadas da idea de España como nación única, identificada co estado existente. Nestas cautelas, prevencións e limitacións que tamén condicionan a visión do pasado, non podemos ignorar o peso da ameaza da censura como intimidación previa. Como tampouco podemos ignorar as limitacións enunciativas recorrentes dun conflito ideolóxico-político Galiza/España, antítese e contradición de dura resolución intelectual e psico-social e, moito máis, no campo da política, *stricto sensu*, onde a proposta práctica ao respecto tiña escasa enunciación e audiencia, incidencia e asunción. Seguramente, a conciencia murguiana sobre a nación e o nacionalismo, nesta fase da súa cristalización, era máis clara e radical do que os seus textos escritos e publicados poden dar a entender, dun patriotismo galego expreso e militante na tendencia cultural activa, nos propósitos e empeños desta orde. Inevitabelmente, non podía estar liberado totalmente das limitacións nen do peso que, no medievalismo, impuña o deseño español en construción, nen tampouco das pegadas que o estado social do país imprimía na súa actitude valorativa, como galego, respecto do pasado, tal e como o coñecía, e do presente, tal e como o vivía e sentía.

A crítica que hoxe podemos facerlle, verbo da análise da evolución da Galiza medieval, fúndase en coñecementos acugulados desde os anos oitenta do século XX até hoxe, aos que Murguía naturalmente non tivo acceso. Foron logrados con dificultade e de forma lenta e progresiva, sendo os de maior entidade e transcendencia os que se deben a esforzos realizados, como o de Murguía, fóra do mundo acadé-

mico oficial. É curioso que este mundo académico oficial, se se presta algunha atención á historia de Galiza, aínda adoita recorrer á análise interpretativa murguiana do medioevo galego, afondando nas súas limitacións, non nas súas virtudes, dando así mostras de parálise e conformismo cun estado da cuestión á altura do século XIX. Os tópicos de Galiza non ter monarquía nen reis propios, de pertencer ao reino de Asturias, primeiro, e logo ao de León, da acusación á nobreza como causa da frustración das nosas posibilidades neste cuestión e a súa especial consideración como violenta e opresiva sempre, o carácter periférico xeográfico e político do país... tómanse da interpretación murguiana (en certa maneira, non son tópicos coa orixe na súa obra), embora sexan privados da súa valoración e interpretación e sobre todo do alento e contraste que, na cultura, na arte, na ciencia, na sociedade e no potencial económico e demográfico, ve Murguía reflectidas as probas testemuñais dun pobo específico, definido e con aspiracións.

Na perspectiva dos avances sociais, o historiador Murguía reivindica para Galiza un papel de vangarda no espírito revolucionario de burgueses e campesiños, no conxunto da Europa cristiá, coincidindo nisto con Benito Vicetto, tan inxustamente deostado como historiador. É unha constante na súa historiografía pór de manifesto algo que a documentación medieval revela: «La revuelta de los burgueses compostelanos –de los primeros en reclamar sus derechos– prueba cuáles eran sus riquezas y su ilustración» (Discurso Preliminar: 106). Verbo do campesiñado, Murguía explica como a súa opresión se viu afrouxada ao adquiriren condición de foreiros, segundo a cal só a terra era escrava, dependente do señor; porén, o labrego ficaba desprendido da servidume dun señor concreto e fixo, aproximándose máis así á condición de home libre, aquela dos *inxenuos* que habitaban vilas ou cidades. Segundo el, Galiza foi dos primeiros pobos que coñeceron esa *grata* modificación da servidume da terra e do señor (*ibidem*: 117). A propagación desta condición, foreiros e foristas, labregos e señores, axudou ao desenvolvemento dos concellos, colocando máis excedente do campo en circulación e máis labregos con liberdade de movemento, co conseguinte impulso do comercio e das vilas.

Após o devandito, podemos considerar un preconceito ideolóxico a tese murguiana que atribúe á nobreza galega a causa da frustración da independencia de Galiza. Deixando á parte que esta independencia si existiu, considerando que foi centro político nuclear, por tanto reino hexemónico na parte noroccidental da península até o século XIII, el mesmo detecta, entre os séculos VIII e XIV, o papel de clase dirixente dos Goterres, dos Froilaz, dos Castro, e mesmo a identificación galega con Pedro I como consecuencia de a política deste responder ás demandas galegas. Atribuír a esta clase social o papel de rémora política para a evolución normal de Galiza como reino con independencia parece máis unha adaptación do pasado galego ao presente español. En efecto, no reino de España, o carácter conspirador, involutivo, reaccionario, da maior parte da nobreza e o clero dificultaba a evolución cara un réxime bur-

gués parlamentario, baseado na soberanía nacional, da nación española, claro está. A historia de Galiza non autoriza a certificar que, no medievo, o feudalismo galego fose máis opresivo que no resto da Europa. Máis ben, a evolución socio-económica que o propio Murguía describe e analiza, avala o contrario. Como a análise de Vicetto, que tamén se adscribe ao tópico anti-nobiliario, como irmán que é de Murguía no plano ideolóxico-político, e diríamos que de entrega a un programa cultural pre-nacionalista. É sintomático que ambos circunscriban as súas visións negativas a partir, sobre todo, do século XIII, e con maior xustificación poderían facelo a partir do século XIV. Desde logo, Vicetto asumiría o aserto de Murguía: «Un cruel feudalismo fue el azote, y los monarcas castellanos que tenían como olvidada Galicia, dejaban que en ella no se conociese la justicia, ni los tiranos que la agoviaban [*sic*] temiesen el castigo» (*ibidem*: 80).

Estamos perante unha interpretación que, paradoxalmente, coloca en mans dos monarcas casteláns a posibilidade de na Galiza se impartir xustiza, e no debe da nobreza galega a súa tiranía e opresión, unha simplificación da realidade que anula as conexións dunha coas outras e o duplo xogo da monarquía para manter o seu control do país. Coido que Murguía estaba a pensar, sobre todo, no século XV, cando estampou esta valoración, embora pareza abranguer para el unha ampla etapa medieval na Galiza a partir case de Xelmírez. Desde logo, para podermos falar de abandono, marxinação e desgraza popular, nas dimensións que el presume, temos que facelo a partir da etapa que se abre co triunfo dos falsos Trastámara. A dinastía Trastámara si que significou o triunfo señorial, absoluto, en todos os reinos da monarquía. Porén, na Galiza tivo unha dupla faciana, clasista e colonial, pois combinou o fortalecemento da clase señorial hexemónica, a parte máis significativa de procedencia castelá, estranxeira, por tanto, e dos instrumentos de dominio externo sobre o país, eclesiásticos, xudiciais, institucionais, burocráticos. Se a dinámica aquí pode aparentar ser máis caótica que en Castela, débese simplemente a que entran máis forzas en xogo con intereses antitéticos, mesturándose a dinámica específica de Galiza coa que chega da corte. Seguramente, o retroceso social e económico respecto do pasado se fixo notar máis aquí, onde se partía dun modelo instaurado por un pacto da nobreza e a burguesía, representado polo *petrismo* e o *castrismo*. O que non desapareceu foi, malia todo, o ardor do movemento popular campesiño e burgués, embora xa non formase parte dunha estratexia galega global.

Murguía ve a súa interpretación confirmada polo devalar do século XV^[22] na Galiza, para el unha verdadeira «descomposición social», tese coa que se pode coincidir, se consideramos tamén a fragmentación político-social interna, derivada da

[22] Xa nas páxinas de *La Crónica de Ambos Mundos*, Madrid, Murguía publicou un interesante artigo sobre «De las guerras en Galicia en el siglo XV, y de su verdadero carácter», 9 e 6 de setembro, 1860.

introdución de sectores nobiliarios alleos ao país e de instrumentos de dominio externo polos falsos Trastámara, desde a derrota dos *petristas* ou, máis ben, *castristas*, en Porto de Bois (1371). Por tanto, Murguía tiña claro que os movementos populares de rebeldía e reivindicación contra os poderosos non eran novos na Galiza, á altura do século XV: «Ni eran las hermandades desconocidas en Galicia, ni las de Madrid y Burgos fueron las últimas en que tomó parte. Conociéralas Santiago en tiempos de Gelmírez, y volvió a tenerlas, cuando a mediados del siglo XV, los nobles gallegos trataron de que prevaleciese en Galicia aquella oligarquía feudal, que tanto y tan tristemente pesó sobre este mísero país» (*ibidem*: 121). Certamente, como afirma, foi constante no reino «la resistencia de los concejos a los señores, y más grande en las ciudades episcopales» (*ibidem*: 123). O que Murguía non ten presente é que existe no XV, aínda que non o ignora, a dependencia clara da coroa de Castela, que actúa a través dos seus peóns. A nobreza allea e a orixinaria actúa, pois, sen estratexia propia do reino, senón condicionada, en maior ou menor medida, polas consignas do sector que controla a corte; prodúcese unha señorialización do poder tan aguda que leva á confrontación entre os distintos grupos ou fraccións nobiliarias, mesmo dentro da mesma familia ou clan. Nesta atmosfera, o campesinado e a burguesía sofren as secuelas da anarquía, da confrontación e da extorsión que, como vasalos, padecen. Non pode sorprender que, desde o ideoloxismo murguiano e co nivel de coñecementos da primeira metade do século XIX, o historiador Murguía tivese difícil entrar nunha análise que calibrase a incardinación do reino de Galiza cun grao de subordinación superior ao que se establecera cando se integrou no século XIII (1230) na coroa plurinacional de Fernando III. Pode máis a súa confesionalidade progresista española e a súa esquemática análise das contradicións sociais de clase que un factor tan importante como o da dependencia, para podermos explicar, con matiz, a dinámica real da sociedade galega no século XV, e como foi a súa evolución unha vez que perdeu a súa clase dirixente e a súa estratexia propia.

Endebén, ten plena conciencia da singularidade dun rei, Pedro I, a quen o reino de Galiza lle foi fiel no conflito peninsular e europeo da segunda metade do século XIV, segundo el, por pretender abater o xugo feudal (*ibidem*: 126). En efecto, é unha aseveración excesiva, porén está fundamentada no apoio burgués á súa estratexia, e no pacto da burguesía coa maior e máis poderosa nobreza galega do seu tempo, con Fernando Ruys de Castro en cabeza. Galiza converteuse no epicentro do *petrismo*, isto é, até tal extremo que mesmo a investigación histórica máis rigorosa catalogou de *castristas* aos que mantiveron a estratexia de confrontación cos falsos Trastámara, como seguidores do líder máis simbólico e representativo. De onde podemos tirar como lóxica a consecuencia, sinalada por Murguía, de, asasinado Pedro I en Montiel, a Galiza resistente –os *castristas*– ábrenlle as portas do reino a Fernando I de Portugal, para designalo rei de Galiza. Mesmo sen decatarse, Murguía contradí o seu tópicos do carácter negativo, en termos históricos, da nobreza galega, cando

enumera os nobres galegos que seguiron a causa de Pedro I pola súa identificación con Galiza, até a morte e/ou o exilio, con Fernando Ruys de Castro á fronte, aludindo tamén ao suposto epitafio da súa tumba: «Aquí yace la lealtad española». Unha nova variante, que demostra que a invención, como tal, é obxecto de mudanzas creativas a capricho.

Xa dixemos que os reinados de Fernando II e Afonso VIII, a etapa de maior esplendor do reino de Galiza, onde o poder político propio propiciaba que fose «uno de los países más civilizados», como o propio Murguía defende (1865: 95), non son obxecto de atención especial por el. Porén, con Pedro I albisca o seu significado, no aspecto social, sen afondar nel, obviando así seguramente sentirse obrigado a rectificar a súa valoración da nobreza galega, a súa interpretación evolutiva da historia medieval galega e o papel das súas clases dirixentes. Máis adiante, a partir de 1885, a súa visión histórica estará máis matizada, pois o seu ideoloxismo burgués terá menos peso, embora non renegar do seu progresismo, malia mitigalo á hora de xulgar o pasado desde o presente. Algo ten a ver esta mudanza co feito de colocar o problema nacional no centro de atención, como prioritario, na urxente necesidade de os intereses de Galiza estaren presentes na práctica. Se ela non miraba por si, ninguén o ía facer por ela. Hai un profundo desengano respecto de as alternativas políticas de ámbito estatal estaren capacitadas ou seren fiábeis para canalizar e resolver os problemas de Galiza. Non hai máis saída que a de construír un instrumento político que decida exclusivamente desde aquí sobre o propio país. O camiño cara ao *rexionalismo* iniciaba a súa marcha. Con tal denominación intentábase dar unha cobertura eufemística, asumíbel, ao impulso nacionalista. Certamente esta orientación como prioritaria incide tamén na súa visión da historia de Galiza. As súas informacións e coñecementos van completando a reconstrución dun cadro máis matizado e veraz da nosa evolución histórica medieval, embora ficasen tamén moitos aspectos por desenvolver. En *Galicia* (1888, ed. facs. 2000: 360), por exemplo, xa se define con maior claridade, e agranda con máis información, sobre a continuidade da etapa de esplendor máis aló de Xelmírez:

Muerto Alfonso, su hijo Fernando II de León [severa limitación por falta de acceso á documentación rexia] inaugura la gran era de las prosperidades de Santiago. El monumental Pórtico de la Gloria, con el cual se pone glorioso sello a la nueva basílica, se llevó a cabo en su reinado, siendo obispo aquel Pedro, llamado el nigromante, poeta y teólogo, y uno de los hombres más sabios de su tiempo, gloria de la escuela compostelana, no menos que de su iglesia [...] débele mayor impulso a Alfonso IX de León.

Como vemos, a limitación a León é tan significativa como documentalmente insostíbel hoxe. Ficaba aínda moito que superar, e aínda estamos nese camiño.

Coherencia, limitación e mutación na visión murguiana

Endebén, todo o que levamos analizado sobre a visión do medievo galego por Murguía, como historiador fundacional da historiografía contemporánea galega, xunto con Vicetto e López Ferreiro, dos seus empeños e acertos, das súas limitacións –informativas e interpretativas– válenos para subliñar a súa importancia e o valor do resultado conseguido, por racionalidade, en atención ao punto de partida e ao contexto en que se orixinou. Máis unha vez, debemos indicar que as limitacións teñen a ver co nivel de coñecementos accesíbel, fontes primarias en especial, co estado e á influencia do deseño historiográfico español e a súa forma de tratar o papel de Galiza, e sen dúbida coa práctica social e política posíbel na época verbo da cuestión galega. Velaí a causa da incapacidade para pór en discusión radical o principal ideoloxema que se estaba a instalar como indiscutíbel, de seguimento xeral e dogmático. Hai un teito que se considera infranqueábel, dentro dun evolucionismo histórico, que poda contentar progresistas e conservadores, tradicionalistas e demócratas, ilustrativo de como as prácticas políticas hexemónicas condicionan a conciencia histórica sobre o pasado. Hai un ben superior, unha realidade tanxíbel, historicamente produto inquestionábel. En efecto, causa algo de estupor constatar como a dinámica caótica, conflitiva, de descomposición social, de revoltas sucedidas no século XV galego, é analizada e valorada pola historiografía galega fundacional, non só Murguía, como antesala ou pórtico que anunciaría e provocaría o inicio dunha nova era que nos situaría nas antípodas. É dicir, como unha tempestade que, afortunadamente, daría paso á calma, a orde e a un poder de espléndido dominio: «...así Galicia, así España, tras los reinados azarosos, apareció dotada de nueva vida, de una juventud poderosa que le preparó para las grandes victorias, para las espléndidas dominaciones, para los prodigiosos descubrimientos, para las grandes riquezas de que fue dueña durante los últimos y afortunados días de los Reyes Católicos» (Discurso Preliminar, XVII: 147).

Murguía, como Vicetto, e non digamos xa López Ferreiro, máis tarde, malia o superior coñecemento deste da documentación primaria, non podían abstraerse dunha atmosfera, dunha interpretación que se partillaba en todos os ambientes culturais e literarios, polos distintos credos políticos, por todos os periódicos, sobre un momento histórico, sacralizado como aquel en que se xestou a unidade nacional española primixenia. Este á súa vez era o mito que sustentaba a construción do estado burgués e centralista, con base nunha única nación, a española, coa cerna castelá. Esta prestaba avoengo e lexitimidade secular, como forma de instauración dunha unidade máis férrea, indiscutíbel e desigual: «Unida por entero al resto de España, las glorias de ésta, son sus glorias, los reveses suyos también [...] No hubo victoria para las armas españolas de que no se alegrase Galicia, derrota que no llorase, ni afrenta que no sintiese» (*ibidem*: 148).

Dá a impresión de estas palabras estaren ditadas por unha atmosfera de balbordo ao calor das agresións imperialistas do Estado español en Marrocos, México, Perú, Chile ou Santo Domingo, todas elas acontecidas na década dos sesenta, durante o reinado de Isabel II, xustamente cando a *Historia de Galicia*, T. I e T. II, se redixe e edita. Podía Murguía ser abertamente crítico co imperialismo ou o colonialismo do Estado español no exterior e tamén coa forma de estar afectada Galiza dentro, naquela atmosfera e circunstancias, partillando a idea da unidade de España como logro indiscutido? En todo caso, as súas palabras servían de pasaporte para a súa *Historia* ser tolerada pola cultura historiográfica española, mesmo aceptando que non fosen, naquela altura, palabras totalmente impostadas no discurso murguiano. O paso do tempo, o seu desencanto das virtualidades do progresismo político español, a súa renuncia ao relevo e participación nos medios e nos ambientes da corte madrileña, a súa dedicación á causa galega, desde dentro de Galiza e cos instrumentos galegos ao seu alcance, provocou que a adhesión a un patriotismo español unitario, se non desapareceu totalmente, mingúase drasticamente ou fíxose impertinente, malia o balbordo que a guerra de Cuba e o seu resultado provocou na transición finisecular^[23]. Cumpre repetilo: o peso deste ideoloxema da unidade española pesa tamén sobre Vicetto como, moito máis, sobre López Ferreiro, se ben atemperada co tempo neste caso máis esaxerado, para os cais tamén o reinado dos Reis Católicos era o cumio da progresión esperábel, xa de inspiración do espírito racional ou da divindade. Algo terá que ver co peso da ideoloxía dominante na fase de construción do estado español capitalista e centralista, tanto na esquerda como na dereita, que considera a cuestión da unidade de España un tema intocábel, case tabú, sagrado. De feito, a reacción de hostilidade contra o programa historiográfico de Murguía foi moito máis brutal e *ad hominem* en 1888^[24], en plena Restauración, cando publica a parte III da súa *Historia de Galicia*, centrada no reino suevo, que na década dos sesenta, contra o T. I e II, como analizamos neste artigo. Por que? O contexto político tiña empeorado desde a perspectiva da estabilidade do réxime monárquico e centralista, após o fracaso revolucionario; os mecanismos ideolóxico-culturais a prol da españolización como marca identitaria se tiñan reforzado máis. Tamén o espírito da

[23] A experiencia política e persoal de Murguía no sexenio revolucionario non foi positiva. Para alén da valoración política de como afectou Galiza, non recibiu o trato esperado dos gobernos sucesivos nen dentro do partido. De feito, transcende á prensa como Murguía non é escollido para representar Galiza nas Cortes Constituíntes do novo réxime (*La Correspondencia de España*, 1-12-1868), desbotando, como esencial, escoller fillos do país para representalo. *La Discusión* (5-2-1869) denuncia que o gobernador preferiu para un cargo de competencia artística en Santiago a un *neo*, o Sr. Tojo, antes que a Murguía. O cargo de funcionario en Simancas estivo sometido a sensabores e conflitos, en parte derivados da hostilidade contra a súa ideoloxía e concepción documental e arquivística.

[24] *Historia de Galicia*, Librería de Andrés Martínez Salazar, Tomo III.

nova entrega (III) e a realidade mostrada, un reino independente, era para a ideoloxía dominante máis rexeitábel por indicar antecedentes que anunciarían o desexo dun porvir distinto para Galiza. Sen dúbida, a afirmación nacional que se facía era máis-radical, usando o termo nación no canto de nacionalidade para referirse a Galiza^[25], o que indicaba unha vontade política que chega a dar froitos, feitos, simbolizados, neste caso, na súa orixe polo reino suevo independente. Asemade, a obra aparece, formando parte dese proceso, cando se está xestando a concreción dunha corrente organizada, práctica, que se coñeceu como *rexionalismo*^[26], e Murguía perfilábase como o seu ideólogo e cabeza indiscutíbel. De feito, entre os moitos ataques e intentos de deslexitimar o Tomo III destaca o oficial da Real Academia de la Historia, que resolvía: «Escrito con la idea preconcebida de resucitar la nacionalidad gallega muerta a manos de Leovigildo, la narración y la crítica obedecen a la ciega pasión del regionalismo». Era, pois, o produto dunha «calenturienta imaginación»^[27].

Naturalmente, con esta alfándega e esta muralla, este dogma, debeuse confrontar para rachalo o nacionalismo das nacións sen estado que ficaban opresas dentro del. A historiografía era unha parte fundamental desta construción ideolóxica, pois dela dependía a visión do pasado, e este debía ser funcional respecto do presente, acorde con el, e case anuncio, como predeterminado. Para nada podía recoñecerse unha visión que o contemplase como unha construción humana conflitiva, con gañadores e perdedores, xerarquizada e desigual, entre os distintos pobos ou nacións naturais, no pasado con entidade política propia. Murguía non podía deixar de ser un home do seu tempo, neste aspecto, como o era, desde un punto de vista vangardista, respecto da orientación que animaba a súa visión de Galiza e da súa historia. Como vemos, a maior parte das limitacións, para alén das informativas, en concreto as analíticas, non proveñen do seu nacionalismo. Teñen a ver máis ben coas pegadas, adherencias e presións da ideoloxía dominante en relación co tema da unidade de España e a visión historiográfica española, dogmática e canónica, ao respecto.

[25] Non partillamos a valoración de os termos nacionalidade e nación seren totalmente sinónimos en Murguía (Barreiro, 2012. 473-474, n. 7). De feito, na súa obra ten máis carga política o segundo que o primeiro.

[26] As conveniencias tácticas, ás limitacións e censuras do contexto político e o carácter plural dos adherentes potenciais, sacralizaron unha denominación que, en boa maneira agochaba o nacionalismo ideolóxico entón existente, cunha finalidade práctica, sen dependencia dos partidos estatais.

[27] Para esta problemática e conflito é fundamental todo o referido ao tomo III en Barreiro, 2012: 585-604.

BIBLIOGRAFÍA

- Axeitos, X. L. e Barreiro Fernández, X. R. (2003): *Cartas a Murguía*, T. I, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Burdíel, Isabel (2004): *No se puede reinar inocentemente*, Madrid, Espasa Fórum.
- Barreiro Fernández, X. R. (1993): «Historia da historia. Aproximación a unha historiografía galega: De Murguía a Risco». *Galicia e a historiografía* (coord. Justo G. Beramendi), pp. 183-209, Santiago, Tórculo Edicións.
- (2012): *Murguía*, Vigo, Galaxia.
- Murguía, Manuel (1865): *Historia de Galicia*, T.I. Lugo, Imp. de Soto Freire.
- (1866) *Historia de Galicia*, T. II, Lugo, Imp. de Soto Freire.
- (1882) *El foro. Sus orígenes, su historia, sus condiciones*, Madrid, Librería de Bailly Baillière.
- (1888) *Galicia*, Barcelona.
- (1888) *Historia de Galicia*, T. III, A Coruña, Librería de Andrés Martínez Salazar.
- (1898) *D. Diego Gelmírez*, A Coruña, Imprenta y Librería de Carré.
- Rodríguez Sánchez, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*, AS-PG.
- (2013): «Un significativo inédito de Rosalía de Castro», *Sermos Galiza*, 26 de abril, pp. 24-25.
- (2022): *Unha etapa estelar e conflitiva de Galicia (a segunda metade do século XIV). Tomo I. A relevancia do reino galego*, A Coruña, AS-PG.

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

Arteixo



A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO